

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**AXENCIA INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA**

CORRECCIÓN DE ERROS. Resolución do 11 de decembro de 2018 pola que se aproban as bases reguladoras das subvencións para a creación, mellora e ampliación de pequenas infraestruturas para proxectos de biomasa destinadas a particulares e cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, se anuncia a convocatoria anticipada para o ano 2019 e se procede á selección das entidades colaboradoras que participarán na xestión destas subvencións (IN421H, IN421I).

Advertidos erros na dita resolución, publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 4, do 7 de xaneiro de 2019, cómpre facer a seguinte corrección:

Na páxina 629, artigo 21, número 3, letra d), onde di: «Rateo investimento/potencia da instalación (ata 10 puntos). Avaliarase en relación aos rateos de investimento máximo elixible por potencia do proxecto segundo bases. Outórganse 0 puntos aos proxectos cuxo rateo investimento/potencia supere un 120 % do custo máximo elixible que lle corresponde polas súas características e a puntuación máxima para aqueles cuxo rateo sexa inferior ao 80 % do custo máximo elixible. O resto dos proxectos puntuaranse proporcionalmente.», debe dicir: «Rateo investimento/potencia (ata 5 puntos). Avaliarase en relación cos rateos de investimento máximo elixible por potencia do proxecto segundo bases. Outórganse 0 puntos aos proxectos cuxo rateo investimento/potencia supere un 120 % do custo máximo elixible que lle corresponde polas súas características e a puntuación máxima para aqueles cuxo rateo sexa inferior ao 80 % do custo máximo elixible. O resto dos proxectos puntuaranse proporcionalmente.».

